



ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

VI. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe a Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as entidades públicas empresariais.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo, e o seu réxime xurídico externo regúlase polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

A resolución do 20 de xuño de 2012 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 30 de maio de 2012 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás entidades públicas empresariais son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde de 28 de novembro de 2001, xunto cun cadro de Estado de Fluxo de Efectivo adaptado ás súas peculiaridades.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais para o ano 2013 así como as subvencións da Comunidade Autónoma con que se financian.

Entidades públicas empresarias

	Explotación	Capital
Portos de Galicia	13.379	10.452
Augas de Galicia	52.826	120.352
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	97.002	7.721
Total	163.208	138.525

(Miles de Euros)

Entidades públicas empresarias

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Portos de Galicia	0	7.450
Augas de Galicia	0	47.307
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	0	877
TOTAL	0	55.635

(Miles de Euros)